

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 05 DE OUTUBRO DE 2017

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial de Ribadumia sendo as trece horas e trinta minutos do día cinco de outubro de dous mil dezasete, reúnense baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. David J. Castro Mougán, os Tenentes de Alcalde D. J. Enrique Oubiña Lago; D^a M^a del Mar Rey Pérez; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; e D. José Ramón González Ledo; ós efectos de celebra-la sesión da Xunta de Goberno convocada.-

Actúa como Secretaria Dna. M^a Dolores Franco Mateo.

Aberta a sesión, pasouse a considera-los asuntos incluídos na orde do día.-

1º.- ACTA ANTERIOR.- Dáse conta da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con datas 11 e 18 de setembro de 2017 a cal é aprobada por unanimidade na forma na que está redactada.

2º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.- Sométese á consideración da Xunta de Goberno as solicitudes de Licencias de Obras que se relacionan a continuación, concedéndose as devanditas licencias, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Expdt. 089/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. ISIDORO SOLLA SINEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Iglesia, nº 7, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Peche lateral de finca con redilla metálica**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes, no concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 0048102NH2004N0001LG.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase peche de finca con redilla metálica, no lateral da mesma, nunha lonxitude de 30 metros lineais, segundo se indica no plano catastral.

Achégase xustificante de ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 900 €), por importe de 18 €.

Así mesmo, aporta autorización da Deputación de Pontevedra (Expediente: 2017002691) por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP-9507.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Réxime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

*Será de aplicación o establecido no artigo 190.5.2 do PXOM referente a Condicións de posición. Neste caso, **o peche lateral deberá respectar unha distancia mínima de separación de 5 m respecto do eixo da vía EP-9507 na esquina da finca, non sendo necesario retranquearse no resto do lateral.***

En relación ás características tipolóxicas dos peches, segundo establece o artigo 477.- Pechamentos, no citado PXOM:

*3.- Nas parcelas con edificación aillada, o peche dos seus lindes resolverase con elementos cegos dun metro de altura máxima, completados no seu caso con proteccións diáfanas acordes estéticamente co lugar, pantallas vexetais ou solucións similares, ata unha altura máxima de 2,50m, ou con pechamentos de estética conforme co lugar, en mampostería ordinaria que non superen unha altura de 2 m. **Os lindeiros laterais e testeiros entre distintas parcelas con edificación aillada***

poderán pechase con proteccions diáfanas e pantallas vexetais ata unha altura máxima de 2m.

Polo tanto, o peche proposto non poderá superar os 2 metros de altura como máximo.

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade y saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda: 1º.- Conceder licencia urbanística á **D. ISIDORO SOLLA SINEIRO**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Iglesia, nº 7, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **"Pecho lateral de finca con redilla metálica"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Barrantes e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 090/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. RAFAEL BEMPOSTA VILA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Puxafeita, nº 16, na parroquia de Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **"Cambio de tella en alpendre"**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia, no Concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 36046D504205550001AT.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase cambio de tella en cuberta de alpendre (edificación auxiliar) situada no lugar da súa residencia, en lugar de Puxafeita, 16, Ribadumia, nunha superficie de 68 m2.

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 2.520,00 €), por importe de 50,40 €.

Nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

Segundo establece o artigo 191.- Condicións particulares, apartado 1.- Condicións estéticas e de composición:

1) *Fachadas e cubertas: Ademais de cumpri-las condicións estéticas xerais, procurarase a utilización de materiais e acabados propios da arquitectura local, como beirís, canterías tradicionais, cerrallerías de ferro, zócalos de pedra, etc, prohibíndose o emprego de elementos e acabados non tradicionais na zona, como cubertas planas ou con faldóns quebrados, revestimentos metálicos, plástico, aplacados cerámicos, ou revocaduras con imitacións de cantería ou ladrillo. Nas construcións destinadas a uso residencial as cubertas serán de tella cerámica en cor roxiza, con faldóns continuos; autorizándose o emprego de fibrocemento nesa cor nas construcións auxiliares.*

Polo tanto, o material de cuberta proposto, tella cerámica, é adecuado.

Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación, ao abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ao solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítese **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. RAFAEL BEMPOSTA VILA**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Puxafeita, nº 16, na parroquia de

Ribadumia, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de "**Cambio de tella en alpendre**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Ribadumia e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 091/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **DNA. MARIA NORMA GOMEZ PALACIOS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Cabarcos, nº 3, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de "**Cambio de tella en cuberta**", no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán, no Concello de Ribadumia; Ref. Catastral. 7447401NH1074N0001UI.

Visto o informe emitido polo Arquitecto D. Jesús M. Diéguez Pazos, no que consta que:

"1. Obras solicitadas e documentación adxunta.

Solicítase cambio de tella en cuberta de vivenda situada no lugar da súa residencia, en Cabarcos, 3, Sisán, nunha superficie de 108 m2.

Así mesmo, achégase xustificante do ingreso do ICIO, correspondente ao 2% do importe de execución material das obras (PEM: 8.726,00 €), por importe de 174,52 €.

Aporta autorización da Deputación de Pontevedra (Expediente 2017002740) por atoparse dentro da zona de afección da estrada EP-9502.

Non aporta licenza de construción da edificación; non obstante no catastro consta que foi construída no ano 1972, e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca expediente de infracción urbanística.

2. Situación urbanística.

A parcela na que se pretenden levar a cabo as obras solicitadas está calificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP do 11 de abril do mesmo ano, como "SOLO de NÚCLEO RURAL (SNR)".

En virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no indicado no apartado 2 da disposición transitoria primeira "Régime de aplicación aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento", que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación á mesa, conforme as seguinte regras: [.../...]

c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no PXOM no Capítulo II do Título VIII: Normas particulares do Solo de Núcleo Rural, artigos 185 ao 192.

Segundo establece o artigo 191.- Condicións particulares, apartado 1.- Condicións estéticas e de composición:

1) Fachadas e cubertas: Ademais de cumpri-las condicións estéticas xerais, procurarase a utilización de materiais e acabados propios da arquitectura local, como beirís, canterías tradicionais, cerrallerías de ferro, zócalos de pedra, etc, prohibíndose o emprego de elementos e acabados non tradicionais na zona, como cubertas planas ou con faldóns quebrados, revestimentos metálicos, plástico, aplacados cerámicos, ou revocaduras con imitacións de cantería ou ladrillo. Nas construcións destinadas a uso residencial as cubertas serán de tella cerámica en cor roxiza, con faldóns continuos; autorizándose o emprego de fibrocemento nesa cor nas construcións auxiliares.

Polo tanto, o material de cubrición deberá ser tella cerámica.

Que as obras que se pretenden levar a cabo na edificación, ao abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico".

Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza

correspondente, sempre e cando se executen conforme ao solicitado, non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudo básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Polo exposto emítase **INFORME FAVORABLE** para a concesión do título habilitante solicitado.*

Que segundo o artigo 145 da Lei 2/2016, do 9 de febreiro, o título habilitante caducará se non se comezan as obras antes de transcorridos 6 meses dende a súa concesión e non se rematan antes de 3 anos. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a 6 meses”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **DNA. MARIA NORMA GOMEZ PALACIOS**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Cabarcos, nº 3, na parroquia de Sisán, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras de **“Cambio de tella en cuberta”**, no lugar do seu domicilio, na parroquia de Sisán e de acordo co informe do Arquitecto.

Expdt. 092/17.-Visto o expediente que se tramita a instancia de **D. PABLO BUCETA ABAL**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Muiños, nº 6, na parroquia de Lois, sita no Concello de Ribadumia, polo que solicita autorización para a realización de obras de **“Cambio de 90 m² de tella de alpendre”**, sito no lugar do seu domicilio, na parroquia de Lois; Ref. Catastral. 2891203NH2029S0001LQ.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte *“Que a parcela onde se pretenden levar a cabo as obras, están clasificada como **SOLO DE NÚCLEO RURAL** polo vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001. Polo tanto deberá cumprir coas seguintes normativa.*

A ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no Capítulo II do Título VIII de dito PXOM, artigos 185 ó 192, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. [.../....]

O sólo de núcleo rural ven regulado na lei, na Sección 2.- Núcleos Rurais, Subsección 1.- Delimitación e Réxime, artigos 23 e 24; e na subsección 2.- Condicións de uso, artigos 25 e 26.

Segundo se establece no apartado 3.- A delimitación dos núcleos rurais que o planeamento estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

A súa delimitación realizarase atendendo a proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e as tipoloxías propias dos devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, rueiro ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente unha consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando unha liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, cómaros e outros).

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación recoñecibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en

función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para el se prevexa no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie.

Os núcleos no concello de Ribadumia, non dispoñen de estudo no que se identifique cales son os que atópanse na situación de consolidado ou non consolidado, polo que entendese que deberase adoptar a situación máis desfavorable. Terase, por tanto, en conta o establecido na lei do solo de Galicia, e aplicaráselle integramente o disposto na presente lei para o SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN, sen prexuízo das maiores limitacións establecidas polo planeamento”, regulado nos artigos 24 ó 30.

EDIFICACIÓN EXISTENTE

Nas parcelas consta a existencia dunhas edificación construídas no ano 1.857 e nos arquivos do concello non consta a nome do titular e sobre a finca, expediente de infracción urbanística.

OBRAS CAMBIO DE MATERIAL DE CUBRICIÓN

Que as obras solicitadas son a substitución do material de cubrición dun alpendre, por tella cerámica.

Respecto o artigo 24.7.a) da lei 2/2016 nos indica que "as características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, cores e acabados serán acordes coa paisaxe rural e as construcións tradicionais do asentamento, sen perxuízo de outras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.”.

A tella cerámica e un material tradicional da zona

Que as obras que pretende levar a cabo na edificación ó abeiro do PXOM, no establecido no Artigo 284.- "Licencia de Obra Menor. 1.- Constitúen licencias de obra menor as referidas a obras de transcendencia relativamente pouco importante que non esixan proxecto técnico”.

*Que as obras que se pretenden realizar poden considerarse de mantemento e conservación, e polo tanto son compatibles coa calificación do solo e ordenanza correspondente, sempre e cando se executen conforme ó solicitado, **non podendo aumentar volume ou superficie edificada, facer modificacións na pendente da cuberta ou cambios na estrutura.***

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

Aporta xustificante de ingreso das taxas do ICIO, correspondentes o 2% do importe de execución material das obras.

Se polas características dos traballos estiveran dentro dos supostos que contempla a lei (R.D. 1627/1997 de 24 de outubro) que establece as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables en obras de construción, deberán dispor de Estudio básico de seguridade e cumprir a lexislación nesta materia.

*Que se emite **INFORME FAVORABLE** para a concesión da comunicación previa solicitada.*

*Que segundo a artigo 78. 2 e 78. 4 do PXOM **a comunicación previa caducará** se non se comezan as obras antes de transcorridos **6 meses** da súa concesión e se non rematan antes de **2 anos**. Igualmente caducará cando se interrompan as obras por un prazo superior a tres meses.*

A lei do solo establece no Artigo 145. Caducidade das comunicación previas

1. No acto de outorgamento da comunicación previa de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da comunicación previa, logo da solicitude expresa, sempre que a comunicación previa sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:
1º.- Conceder licenza urbanística á **D. PABLO BUCETA ABAL**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Muiños, nº 6, na parroquia de Barrantes, sita no Concello de Ribadumia, para levar a cabo as obras para a "**Cambio de 90 m² de tella de alpendre**", sito no lugar do seu domicilio, na parroquia de Lois e de acordo co informe do Técnico Municipal.

3º.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

Sométese á consideración da Xunta de Goberno os escritos de comunicación previa de Actividade e cambios de titularidade que se relacionan a continuación, concedéndose autorización de actividade e apertura, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

3º.1.- AUTORIZACIÓN DE FUNCIONAMENTO E APERTURA.-

3º.1.1.- Autorización de funcionamento e apertura de "TENDA DE TEAS E MERCERÍA".-

Expdt. AC12/17.- Dase conta da comunicación previa que se presenta a instancia de **DNA. SONIA PIAY MARTINEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Espadeiro, nº 1 – 2ºB, na parroquia de Ribadumia, pola que se comunica o inicio de actividade de "**TENDA DE TEAS E MERCERÍA**" co nome comercial de "*El Atelier. Telas y mercería*" na planta baixa dun local sito en rúa Espadeiro, nº 6, local 6C (Edificio Sorolla V), na parroquia de Ribadumia, Ref. Catastral. 9295018NH1095N0035RS.

Visto o informe emitido Sr. Urdampilleta Barreiro, en calidade de Técnico Municipal deste Concello, no que consta o seguinte "*Que a edificación onde se pretenden levar a cabo as obras está situada nun solar clasificado como SOLO URBANO de Barrantes, correspondendo coa **ORDENANZA 2 RESIDENCIAL EXTENSIVA grado 1**, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 13 de marzo de 2001 e publicado no BOP núm. 72 do 11 de abril de 2001.*

Que a ordenanza reguladora dese tipo de solo ven recollida no capítulo V do título VII, artigos 149 ó 155, aínda que en virtude da entrada en vigor da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do indicado no apartado 2 da disposición "transitoria primeira Réxime de aplicación os municipios con planeamento non adaptado e os municipios sen planeamento" que establece que o planeamento

definitivamente aprobado antes da entrada en vigor da presente lei e non adaptados á Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordeación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a mesma, conforme as seguintes regras: [.../....]

c) O sólo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións do solo non urbanizable de núcleo rural, en suas áreas de influencia ou tolerancia, se lle aplicará íntegramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire as edificacións tradicionais existentes, as cales será de aplicación o previsto no artigo 40 desta lei. a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado. [.../....]

A edificación atópase construída dende o ano 2.010, tal e como se desprende da gráfica descritiva do catastro e no concello non costan denuncias, nin expedientes de reposición da legalidade contra a mesma.

Que o local dispuña de licenza para a actividade comercial de "tenda de calzado" (licencia expediente 125/15) e que a actividade pretendida e tamén comercial de "tenda de telas e mercería" sen que se proxecten cambios na distribución nin nas instalación e por tanto sin obras.

Que aporta a seguinte documentación:

- *Comunicación previa inicio actividade el 02/10/2.017*
- *Informe técnico de actividade asinado pola enxeñeiro industrial Dña. Clara Cereijo Méndez colegiada 1739 do ICOIIG de Vigo, que inclúe:*
 - o *Datos xenerais*
 - o *Memoria urbanística*
 - o *Memoria construtiva*
 - o *Xustificación da actividade*
 - o *Xustificación do CTE- DB-SI, DB-SUA, DB-HR*
 - o *Xustificación da actividade*
 - o *Relación de maquinaria e medios*
 - o *Xustificación da ventilación e renovación de aire, electricidade e outros.*
 - o *Xustificación do cumprimento do Decreto 106/2015, do RD 486/1997, o 485/1997 e outros.*
 - o *Certificación técnica de Solidez y Seguridad del local*
 - o *Planos*

- *Xustificante de abono das taxas de licenza de apertura e cambio de titularidade por importe de 150,25 €.*

Que a actividade que se pretenden realizar e comercial como a preexistente compatible coa calificación do solo e ordenanza correspondente.

Polo tanto emítase INFORME FAVORABLE para a concesión da licenza solicitada.

Segundo se establece no Decreto 144/2016, de 22 de setembro, por lo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecimientos, establece no Artigo 44. Causas da ineficacia

1. Son causas de ineficacia das comunicacións previas reguladas neste capítulo:

a) O incumprimento orixinario o sobrevenido dos requisitos para actuar como entidade de certificación de conformidade municipal recollidos no apartado segundo do artigo 40.

b) A inexactitude, falsidade u omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se presentase o incorporase a comunicación previa.

c) A extinción da personalidade xurídica da entidade de certificación de conformidade municipal.

2. A os efectos do establecido na letra b) do apartado anterior, se entenderá por inexactitude, falsidade u omisión de carácter esencial o disposto no apartado segundo do artigo 17.

3. A pesar do disposto na letra c) do apartado primeiro, nos casos de extinción da personalidade xurídica das entidades de certificación de conformidade municipal por fusión con outra ou outras entidades, a comunicación previa manterá sua eficacia, y se pasará a considerar titular da actividade a nova entidade, sempre que este cambio de titularidade se comunique a consellería competente en materia de seguridade industrial a efectos de control e de modificación da inscrición no Rexistro de Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia.

Igualmente, nos sopostos de escisión, aportación ou transmisión das entidades de certificación de conformidade municipal ou da rama de actividade relativa o obxecto da comunicación previa, esta manterá sua eficacia sempre que a entidade que asuma a actividade manteña os requisitos exigidos por este regulamento para o exercicio da mesma e o cambio de titularidade se comunique a consellería competente en materia de seguridade industrial.

4. A ineficacia polas causas recollidas nas letras a) y b) do apartado primeiro se declarará despois da tramitación do procedemento previsto no artigo 18, e as referencias os axuntamentos e a seus órganos deben entenderse substituídas pola consellería competente en materia de seguridade industrial.

5. No caso das entidades que colaboren no exercicio das competencias municipais de comprobación e inspección, a ineficacia da comunicación previa comporta as obrigacións de comunicar dicha circunstancia o axuntamento ou axuntamentos cos que se colaborase e de presentar copia de todos os arquivos e rexistros relacionados coa actividade desenvolvida nos últimos cinco anos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres, asistentes acorda:1º.- Darse por enterada do escrito presentado por **DNA. SONIA PIAY MARTINEZ**, con domicilio a efectos de notificación na rúa Espadeiro, nº 1 – 2ºB, sita no Concello de Ribadumia, polo que presenta comunicación previa de actividade de **“TENDA DE TEAS E MERCERIA”**, na planta baixa dun local sito en rúa Espadeiro, nº 6, local 6C (Edificio Sorolla V), na parroquia de Ribadumia, acordándose autorizar a actividade, de acordo coa visita de comprobación e informe técnico emitido.

3º.2.-CAMBIOS DE TITULARIDADE.-

3º.2.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE “SALÓN DE BELEZA”.

Visto o expediente tramitado a instancia de DNA. YASMINA VILLAMEL BALIÑAS, con domicilio no lugar de Viliquín, nº 9, na parroquia de Dena, no Concello de Meaño, no que consta que tñase concedido licenza para a actividade de **“SALÓN DE BELEZA”** a nome de Lidia Piñeiro Franco, na rúa Espadeiro, nº 2 Bx D, na parroquia de Barrantes, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con data 26 de xuño de 2008, e téndose solicitado o cambio de titularidade da mesma a favor de **YASMINA VILLAMEL BALIÑAS**.

Visto que consta no expediente copia do DNI, copia da licenza de actividade, do contrato de arrendamento, pago da taxa establecida e cumpridos os preceptivos trámites.

A Xunta de Goberno por unanimidade dos Sres. asistentes acorda concede-lo cambio de titularidade solicitado polo interesado para que a Licencia de Actividade concedida á “Lidia Piñeiro Franco” na rúa Espadeiro, nº 2 Bx D, na parroquia de Barrantes, para actividade de **“SALON DE BELEZA”**, se conceda a nome de **YASMINA VILLAMEL BALIÑAS**.

4º.1.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS

4º.1.- CERTIFICACIÓN DA OBRA DE "BEIRRARRÚAS E ALUMEADO NA PARROQUIA DE LEIRO".-

Vista a certificación de obra nº 1 da denominada "Beirarrúas e alumeado na parroquia de Leiro" e factura correspondente que presenta a empresa Canalizaciones y Construcciones Salnés S.L. (CCS), por importe de trinta e cinco mil oitocentos sesenta e oito euros con cincuenta céntimos (35.868,50 €)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, ACORDA:

1º.- Prestar aprobación á certificación nº 1 da obra denominada "Beirarrúas e alumeado na parroquia de Leiro", que presenta a empresa Canalizaciones y Construcciones Salnés S.L. (CCS), segundo a Resolución de adjudicación por contrato menor dictada con data 28 de abril de 2017.

2º.- Prestar aprobación á factura seguinte:

Nº e data	Empresa	Concepto	Importe
240 de 31/08/17	<i>Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.</i>	<i>Beirarrúas e alumeado na parroquia de Leiro.</i>	<i>35.868,50 €</i>

A Xunta de Goberno Local, dase por enterada da anterior Resolución, acordado, por unanimidade dos Sres. asistentes ratificar o seu contido.

5º DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.

5º.1 Devolución de fianza á empresa "ELEC NOR, S.A." pola execución da obra de "Suministro eléctrico de 320KW para uso industrial no Poligono Industrial do Salnés-Cabanelas, (nº SGD: 248315060003)".

Dase conta da solicitude formulada pola empresa **ELEC NOR, S.A** para que se proceda á devolución da fianza depositado para responder da correcta execución da obra, denominada "**Suministro eléctrico de 320KW para uso industrial no Poligono Industrial do Salnés-Cabanelas, (nº SGD: 248315060003)**", e para a cal se concedeu licencia aprobada por Xunta de Goberno Local con data 19 de novembro de 2015 (Expte. 108/2015), ascendendo a fianza a depositar pola contratación da obra a un importe de **500, 00 €**.

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal no que consta *Que a obra obtivo licenza no expediente 108/2015 pola Xunta de Goberno Local do 19/12/2.015.*

Que o importe polo das obras para garantir os servizos afectados, asendeu a 500,00 € (Cincoentos euros).

Que obra no expediente copia de póliza de seguro de Caución nº 8703100264000 e certificado 7661631001058, coa entidade financeira MAPFRE GLOBAL RISKS, Compañía Internacional de Seguros e Reaseguros, S.A. como FIANZA polo importe da citada cantidade.

Aportan certificado de final de obra asinada polo Enxeñeiro Técnico Industrial, director da obra D. Javier Martín Méndez con data 04 de outubro de 2.016.

Que a partir do 05 de outubro de 2.017 haberá transcurrido o tempo que estipula a lei, sen que haxa constancia de reclamacións ou defectos sobre os traballos contratados.

Que en visita de inspección non se observan deficiencias que poidan ser atribuíbles a unha deficiente execución.

*Que a criterio do técnico que subscribe, as obras poden ser recepcionadas para o uso público e por tanto procede liberar a **FIANZA** subscrita polo contratista coa sociedade de garantía, MAPFRE GLOBAL RISKS, Compañía Internacional de Seguros e Reaseguros, S.A., por importe de **500,00 €**, (Cincoentos euros) do 25 de abril de 2016”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda proceder á devolución da devandita fianza.

5º.2 Devolución de fianza á empresa “ELEC NOR, S.A.” pola execución da obra de “Reordenación LMTS, CBD813 no polígono de Ribadumia – Expedinte nº IN407A 2015/125-4”.

Dase conta da solicitude formulada pola empresa **ELEC NOR, S.A** para que se proceda á devolución da fianza depositado para responder da correcta execución da obra, denominada **“Reordenación LMTS, CBD813 no polígono de Ribadumia – Expedinte nº IN407A 2015/125-4”**, e para a cal se concedeu licenza aprobada por Xunta de Goberno Local con data 18 de febreiro de 2016 (Expte. 21/2016),

ascendendo a fianza a depositar pola contratación da obra a un importe de **10.458,00 €**.

Visto o informe emitido polo Técnico Municipal no que consta "*Que a obra obtivo licenza no expediente 021/2016 pola Xunta de Goberno Local do 18/02/2.016.*

Que o importe polo das obras para garantir os servizos afectados, asendeu a 10.458,00 € (Dez mil catrocentos cincuenta e oito euros).

Que obra no expediente copia de póliza de seguro de Caución nº 8703100264000 e certificado 7661631000257, coa entidade financeira MAPFRE GLOBAL RISKS, Compañía Internacional de Seguros e Reaseguros, S.A. como FIANZA polo importe da citada cantidade.

Aportan certificado final de obra asinada polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Javier Martín Méndez, director da obra con data 30 de agosto de 2.016.

Que transcorreu o tempo que estipula a lei, sen que haxa constancia de reclamacións ou defectos sobre os traballos contratados.

Que en visita de inspección non se observan deficiencias que poidan ser atribuíbles a unha deficiente execución.

*Que a criterio do técnico que subscribe, as obras poden ser recepcionadas para o uso público e por tanto procede liberar a **FIANZA** subscrita polo contratista coa sociedade de garantía, MAPFRE GLOBAL RISKS, Compañía Internacional de Seguros e Reaseguros, S.A., por importe de **10.458,00 €**, (Dezmil catrocentos cincuenta e oito euros) 03 de febreiro de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda proceder á devolución da devandita fianza.

6º.- INFORMES DA TRABALLADORA SOCIAL

6º.1.- INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE USUARIOS DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA.-

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios con data de 21 de setembro de 2017, nos que informa que "*Presentada*

solicitude para o Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia, con data 10/08/2017 e logo de realizar un estudio e valoración da situación do usuario, propónse dar de alta no servizo á D. Ramón Fortes Prado, con data 22 de setembro de 2017 dada a situación de extrema necesidade na que se encontra".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Dar a alta no Servizo de Axuda no Fogar de libre concorrencia a D. Ramón Fortes Prado, segundo a proposta formulada pola Taballadora Social.

6º.2.- INFORME DA TRABALLADORA SOCIAL SOBRE USUARIOS DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCURRENCIA.-

Dase conta do Informe emitido pola Traballadora Social dos Servizos Sociais Comunitarios con data de 29 de setembro de 2017, no que informa que "Presentada solicitude para o Servizo de Axuda no Fogar por libre concorrencia, con data 29/09/2017 e logo de realizar un estudio e valoración da situación do usuario, propónse dar de alta no servizo á D. Manuel Serantes Dávila, con data 02 de outubro de 2017 dada a situación de extrema necesidade na que se encontra".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda: Dar a alta no Servizo de Axuda no Fogar de libre concorrencia a D. Manuel Serantes Dávila, segundo a proposta formulada pola Taballadora Social.

7º.- LIQUIDACION DA TAXA ANUAL DO SERVICIO DE ACOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS.-

Dase conta da liquidación emitida pola Deputación de Pontevedra, correspondente a taxa anual de 2017, relativa a prestación do Servizo de Acollida de Animais Abandonados, na cal o Concello figura adherido ó Convenio marco de colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a prestación de dito servizo.

Que a taxa anual a satisfacer ascende a un total de 2.042,00€.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda prestarlle aprobación á devandita liquidación da taxa establecida para o Servizo de Acollida de Animais Abandonados.

8º.- AXUDAS E SUBVENCIÓNS.

8º.1.-XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA FESTAS PARROQUIAIS.-

Vistas as xustificacións das axudas económicas concedidas para festas parroquiais para o ano 2017 por parte do Concello de Ribadumia, concedidas pola Xunta de Goberno de 10 de agosto de 2017, e examinada a documentación presentada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. Asistentes acorda:

1º.- Ordear o pagos das axudas que se indican a continuación e polo importe que así mesmo se reseña:

<u>ENTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Asociación cultural Campo da Picoña de Lois	833,34€
Asociación Santa Baia -Festa de San Antón	566,04€
Asociación Santa Baia – Festa do Carme	660,38€

2º.- Prestar aprobación axudas económicas concedidas para festas parroquiais.-

8º.2.- XUSTIFICACIÓN DE AXUDAS CONCEDIDAS A ENTIDADES E CLUBS.-

Dase conta de que tense presentado, polas entidades que se indican, xustificación das actividades realizadas no presente exercicio, para as que se lles concedeu axuda por acordo adoptado polo Pleno Municipal en sesión de 29 de maio de 2017.

